

**“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO
2020-2021”**

1.	Datos do centro
-----------	------------------------

Código	Denominación
36010083	CEIP Plurilingüe Carballal-Cabral

Enderezo		C.P.
Rua Lomba, nº 1		36318
Localidade	Concello	Provincia
Cabral	Vigo	Pontevedra
Teléfono	Correo electrónico	
886120124	ceip.carballal.cabral@edu.xunta.es	
Páxina web		
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarballalcabral/		

Índice

Medidas de prevención básica	4
Medidas xerais de protección individual	9
Medidas de limpeza	12
Material de protección	14
Xestión dos abrochos	15
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	17
Medidas de carácter organizativo	18
Medidas en relación coas familias e ANPA	21
Medidas para o alumnado transportado	
Medidas de uso do comedor	
Medidas específicas para o uso doutros espazos	23
Medidas especiais para os recreos	27
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria	28
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres	
Medidas específicas para alumnado de NEE	30
Previsións específicas para o profesorado	32
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	33
Anexos	
Anexo I Enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19	
Anexo II Modelo de solicitude para a determinación de persoal especialmente sensible	
Anexo III Modelo de certificación de condicións de seguridade no centro educativo	
Anexo IV Cuestionario de prevención dos centros educativos	
Anexo V Plan de continxencia	
Anexo VI Planos do centro educativo	
Anexo VII Modelo tipología de aulas	
Anexo VIII Información das mascarillas	
Anexo IX Compromiso enquisa de autoavaliación	
Anexo X Procedemento de actuación para a xestión da vulnerabilidade en ámbitos non sanitarios nin sociosanitarios	
Anexo XI Protocolo de limpeza	

Id.	Medidas de prevención básica
-----	-------------------------------------

2. Membros do equipo COVID			
Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)			686448750
Membro 1	M ^a Dolores Martínez González	Cargo	Directora
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar un “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” • Comunicar un abrocho ou as incidencias que poidan xurdir no centro ao Equipo de Coordinación Operativa COVID • Manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade ou do Sergas. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado • Dispoñer no menor prazo de tempo dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro • Distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos. 		
Membro 2	Rosa Corredoura Sotelino	Cargo	Secretaria
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar un “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” • Comunicar un abrocho ou as incidencias que poidan xurdir no centro ao Equipo de Coordinación Operativa COVID • Manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade ou do Sergas. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado • Dispoñer no menor prazo de tempo dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro • Distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos. 		
Membro 3	Marcos Cayetano Navarro	Cargo	Xefe de estudos
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar un “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” • Comunicar un abrocho ou as incidencias que poidan xurdir no centro ao Equipo de Coordinación Operativa COVID • Manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade ou do Sergas. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e 		

	<p>coas familias e alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dispoñer no menor prazo de tempo dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro • Distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.
--	--

3. Centro de saúde de referencia			
Centro	Centro de saúde de Lavadores,	Teléfono	986260552
Contacto	Carmen Duran Santos		

4. Espazo de illamento	
O espazo de illamento será a antiga secretaria, ubicada no edificio administrativo, a cal estará dotada de ventilación adecuada, solucións hidro alcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.	

5. Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa	
4º Educación Infantil	15
5º Educación Infantil	14
6º Educación Infantil	12
1º Educación Primaria	12
2º Educación Primaria	16
3º Educación Primaria	12
4º Educación Primaria	15
5º Educación Primaria	18
6º Educación Primaria	25

6. Cadro de persoal do centro educativo	
Docente	17
Non docente	3

7. Determinación dos grupos estables de convivencia	
--	--

Etapa	Educación Infantil		Nivel	4º	Grupo	1
Aula	3 anos	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado	15	

Etapa	Educación Infantil			Nivel	5º	Grupo	2
Aula	4 anos	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado		15	

Etapa	Educación Infantil			Nivel	6º	Grupo	3
Aula	5 anos	Nº de alumnado asignado	12	Nº de profesorado asignado		15	

Etapa	Educación Primaria			Nivel	1º	Grupo	4
Aula	1º E.P.	Nº de alumnado asignado	12	Nº de profesorado asignado		15	

Etapa	Educación Primaria			Nivel	2º	Grupo	5
Aula	2º E.P.	Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado		15	

Etapa	Educación Primaria			Nivel	3º	Grupo	6
Aula	3º E.P.	Nº de alumnado asignado	12	Nº de profesorado asignado		15	

Etapa	Educación Primaria			Nivel	4º	Grupo	7
Aula	4º E.P.	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado		15	

Etapa	Educación Primaria			Nivel	5º	Grupo	8
Aula	5º E.P.	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado		15	

Etapa	Educación Primaria			Nivel	6º	Grupo	9
Aula	6º E.P.	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado		15	

8.	Medidas específicas para grupos estables de convivencia						
<p>De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.</p> <p>En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.</p> <p>O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.</p>							

O material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible nas cadeiras. En educación infantil podrá colocarse nos percheiros o máis distanciada posible.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa,...) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes e despois do seu uso.

As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, colocárase un dispensador de xel hidroalcohólico, panos desbotables, solución desinfectante e papeleiras de pedal con tapa. Nas aulas de educación infantil, 1º e 2º de E.P. estará nun lugar elevado fóra do alcance dos nenos.

No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula dedicáranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula.

Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

Débase aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans se non o fixo previamente.

O lavado de mans realízase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo. O lavado frecuente e meticuloso das mans fázase con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo que debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse ao centro educativo, senón que se adoptarán polo persoal dos centros educativos as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a ausencia.

Recoméndase a menor rotación posible do persoal e profesorado, organizando equipos estables para reducir os contactos.

Para a detección precoz no alumnado, estes ou os seus pais/nais/titores/as legais realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilízase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos **un** dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu

médico ou pediatra.

No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.

Comunicacións obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no anexo) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. O centro educativo establecerá mecanismos para a identificación de síntomas nos alumnos á entrada ao mesmo e tamén unha declaración responsable dos proxenitores ao inicio do curso escolar. Porén a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro (secretaria do edificio administrativo) para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

9.	Canle de comunicación
<p>Teléfonos do centro:886120124 -</p> <p>Correo electrónico do centro: ceip.carballal.cabral@edu.xunta.es</p> <p>Informarase ao Consello Escolar sobre as medidas adoptadas e de ser o caso da evolución dos diferentes escenarios.</p>	

10.	Rexistro de ausencias
<p>As ausencias do persoal serán comunicadas e rexistradas polo xefe de estudos e as ausencias do alumnado serán rexistradas polos titores e comunicadas ao xefe de estudos.</p> <p>Ao rexistro convencional empregado habitualmente (follas de rexistro e Xade), engadiremos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa covid-19.</p> <p>As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por covid-19 quedará eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.</p> <p>As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas cada fin de mes o Xefe de Estudos.</p>	

11.	Comunicación de incidencias
<p>Aviso ao coordinador covid-19.</p> <p>A partir de aquí, establecerase a comunicación do coordinador covid-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Chamada telefónica á familia do afectado/a. • Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia. • Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade. • Subida de datos á aplicación “ EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. 	

Id.	Medidas xerais de protección individual
------------	--

12.	Situación de pupitres
<p>A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarse dende o centro das cadeiras.</p> <p>Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas adoptaranse as seguintes medidas:</p> <ul style="list-style-type: none">• Retírase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible.• Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión (aulas de música, aula de inglés ou aula de informática). <p>Priorízase a colocación de todos os pupitres ou mesas en liña mirando cara a dirección do posto do profesor/a, e o máis alonxado posible dos encerados e pantalla, pero tamén se poderán adoptar outros modelos mantendo a maior distancia posible (Anexo).</p>	

13.	Identificación de espazos ou salas para asignar grupos
<p>Retírase o mobiliario non indispensable.</p> <p>Utilizaranse aulas alternativas, no caso de 6º de E. P, poderán usar a aula contigua (aula de música) e no caso de 5º de E. P. poderá usar a aula de inglés.</p> <p>As clases de relixión situaranse na aula de informática e o alumnado de valores quedará na súa propia aula, ou viceversa, dependendo do número de alumando.</p>	

14.	Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais.
<p>Extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.</p> <p>Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.</p> <p>O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.</p> <p>Desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión.</p>	

15. Titorías coas familias

Utilizarase, sempre que sexa posible a reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial, adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade, o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro

As canles de información serán a páxina web do centro, teléfono do centro, correo electrónico e ABALAR-móbil.

17. Uso da máscara no centro

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor, merenda do recreo

A obriga contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

Dentro da información a subministrar ás familias o alumnado e o persoal dos centros incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso.

Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre uso de máscaras.

Na etapa de Educación Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase

mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. O grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

18.	Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa
------------	--

Informarase e distribuirase dito plan ANPA, o Consello Escolar e a toda a Comunidade Educativa a través de reunións e da páxina web do centro.

Id.	Medidas de limpeza
------------	---------------------------

Anexamos procolo achegado pola empresa responsable da limpeza “Mantelnor”, dependente do Concello de Vigo.

19.	Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente
------------	--

Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, barandas patio cuberto, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos 2 veces ao día. En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores.

Do mesmo xeito, realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados.

Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante ou spray desinfectante.

Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin

de evitar calquera contacto accidental.

20. Distribución horaria do persoal de limpeza

Existen dúas persoas de limpeza, unha delas deberá facer o traballo en horario de mañá. Esta é a nosa proposta horaria:

- Limpadora: de 11:15 h a 13:45h
- limpadores/as de tarde: de 15:45h a 19:45h

21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recén preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

Será obrigatorio o uso de luvas e máscara.

Deberanse empregar distintivos móbiles para indicar a presenza de persoal de limpeza na dependencia que estea a ser desinfectada, debendo esperar a que estea o labor feito antes de ser posible o seu novo uso.

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

En cada baño existirá un modelo de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levalos a cabo.

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas

En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas. A primeira ventilación do día realizarase antes da entrada do alumnado e será realizada polo porteiro-vixiante /limpadora.

O resto de mañá este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada

cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de checklist.

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras). O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo xeral (virutas de lapis, plásticos que non sexan de reciclaxe...)

No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

Id. Material de protección

25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

Levarase a cabo un rexistro e inventario do material que dispón o centro a través dun cadro por parte da secretaria.

26. Determinación do sistema de compras do material de protección

As compras do material de protección faranse a farmacias ou empresas especializadas.

27.	Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición
------------	---

O 1 de setembro repartiranse o material de protección individual ao profesorado (panos, xel, solución desinfectante, máscara e pantalla). As aulas e demais espazos xa estarán dotados do material (xel, panos, solución desinfectante, papeleiras). Todo o material para ir repoñendo estará no armario de secretaria, onde os responsables das aulas o deberán coller e repoñer cando o precisen, comunicando previamente á secretaria de dita necesidade para levar a cabo o rexistro do mesmo. Os xeles das entradas e saídas repoñerano os responsables do equipo COVID.

Id.	Xestión dos gromos
------------	---------------------------

Defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

28.	Medidas
------------	----------------

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "*Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos*", e das instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade, en virtude da mesma:

Levarase a un espazo separado de uso individual (secretaria do edificio administrativo), colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no Anexo Plan de Continxencia do Centro Educativo), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid

do centro educativo, comunicará os datos do positivo ao centro de saúde de referencia e incluírá á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

Escenarios no suposto dos gromos

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na “*Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos*”, e co “*Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2*” publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara. Os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade

das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia.

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.
- Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

+ Plan de continxencia Anexo

29.	Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa
------------	---

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, os integrantes do equipo COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo.

Id.	Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade
------------	---

30.	Procedemento de solicitudes
------------	------------------------------------

A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible .

A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes.

A dirección do centro educativo remitirá cada día en que existan solicitudes unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do/a traballador/a e do posto, xunto cos informes emitidos, á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación. De Pontevedra.

A Inspección Médica Educativa analizará a petición achegada, e solicitará mediante correo electrónico ao/a traballador/a a documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible.

Coa análise da devandita documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo emitirá informe.

A Inspección Médica Educativa poderá solicitar, se fose preciso, un informe preventivo adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos laborais da Consellería de Educación, quen, a súa vez, o recadará do servizo sanitario preventivo contratado. A actuación do servizo sanitario non suporá a necesidade de desprazamento nin do/da traballador/a nin do facultativo e realizarase a través da análise da documentación que aquel/a lle achegue.

Resulta obrigatorio para o/a traballador/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun prazo máximo de 3 días hábiles ; no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.

Id.	Medidas de carácter organizativo
------------	---

31.	Entradas e saídas
------------	--------------------------

O portal de acceso de educación infantil abrirase ás 9:00. Unha mestra de infantil recibirá ao alumnado en dito portal, botaralle xel hidroalcohólico nas máns, e entrarán directamente ao edificio de infantil onde estarán as súas respectivas mestras. Excepcionalmente, o alumnado que precise o acompañamento dun familiar ata o porsche de infantil poderá facelo, sempre con máscara, mantendo a distancia de seguridade e nunca accedendo ao edificio de infantil.

O horario de entrada dos distintos niveis de infantil será:

- 9:00: alumnado de 6º E.I.(5 anos)
- 9:05: alumnado de 5º E.I. (4 anos)
- 9:10: alumnado de 4º E.I. (3 anos)

As saídas de educación infantil faranse sempre polo portal de acceso a infantil, ordenadamente e mantendo as distancias, iranse entregando aos familiares, nivel a nivel.

O horario das saídas dos distintos niveis de infantil será:

- 13:50: alumnado de 6º E.I.(5 anos)

- 13:55: alumnado de 5º E.I. (4 anos)
- 14:00: alumnado de 4º E.I. (3 anos)

Os niveis de primeiro, segundo e terceiro de primaria accederán ao recinto do colexio polo portal principal a partires das 8:50, onde estará un mestre recibíndoos, botaralle xel hidroalcohólico nas máns, lavarán as máns e irán directamente as súas aulas.

Os niveis de cuarto, quinto e sexto de primaria entrarán pola porta lateral do edificio de primaria, ao carón do comedor e sala de mestres, onde haberá un mestre recibíndoos, botaralle xel hidroalcohólico nas máns, lavarán as máns e irán directamente as súas aulas.

O horario de entrada dos distintos niveis de primaria serán:

- 8:50: alumnado de 5º E.P. / 3º E.P.
- 8:55: alumnado de 4º E.P. / 2º E.P.
- 9:00: alumnado de 6º E.P. / 1º E.P.

Os niveis de primaria realizarán a saída pola mesma porta que a entrada, é decir, sairán pola porta principal o alumnado de primeiro, segundo e terceiro e sairán pola porta lateral, cuarto, quinto e sexto. Todo o alumando irá acompañado coa mestra correspondente a última hora, e realizaran as saídas ordenadamente, sen aglomeracións e mantendo as distancias correspondentes.

O horario das saídas dos distintos niveis de primaria será:

- 13:50: alumnado de 5º E.P. / 3º E.P.
- 13:55: alumnado de 4º E.P. / 2º E.P.
- 14:00: alumnado de 6º E.P. / 1º E.P.

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade.

Cando haxa irmáns de distintos niveis, e teñan que esperar a que os veñan a recoller a porta correspondente de saída, éstos deben esperar, nun lugar apartado (patio cuberto, parede do ximnasio, no caso dos niveis de 1º, 2º e 3º E.P./ parede da entrada do edificio de primaria 4º, 5º, 6º de E.P, patio de infantil no caso de infantil), sempre mantendo a distancia de seguridade.

Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, **non se permite a entrada dos proxenitores ao recinto escolar.**

O horario para atención das familias estableceráse de 9:15 a 9:40 e de 13:15 a 13:45, podendo fixarse outro horario baixo cita acordada con anterioridade.

Só poden acceder, de maneira excepcional, ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao recinto escolar.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna. Recomendamos que os acompañantes non sexan

persoas de risco. En canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Á entrada e saída do centro, esíxese a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) a realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas. Para iso, unha vez que accedan ao edificio, farán un lavado de mans no seu baño correspondente antes de acceder a aula, baixo a supervisión do mestre de garda do andar.

32. Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo

A porta de entrada e saída do alumnado de educación infantil será o portal de educación infantil.

A porta de entrada e saída para os niveis de primeiro, segundo e terceiro de primaria será o portal principal de acceso ao centro.

A porta de entrada e saída para os niveis de cuarto, quinto e sexto de primaria será a porta lateral de acceso ao edificio de primaria.

Nos corredores e escaleiras establecéronse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indican a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade. Estas circunstancias están sinalizadas mediante frechas e cartelería tanto no chan coma nas paredes.

O uso do elevador quedará limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara

33. Cartelería e sinalética

Colocarase cartelería polos edificios e patios, tanto no chan coma nas paredes recordando as medidas de prevención e as distancias de seguridade.

Haberá cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.

Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería.

A información será a xeral relacionada coa covid e coas medidas de seguridade básicas.

- Ademais da cartelería "oficial" enviada pola consellería, colocaranse carteis de elaboración propia .

- Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir.

- Nas aulas colocaranse un semáforo que indique se os baños están baleiros ou ocupados. Dentro dos baños haberá cartelería recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento.

--

34.	Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

35.	Asignación do profesorado encargado da vixilancia
<p>Asignaranse en total 6 profesores encargados das vixilancias nas portas de acceso así coma nos corredores das aulas, un para cada porta e un para cada corredor.</p>	

Id.	Medidas en relación coas familias e ANPA
------------	---

36.	Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada

37.	Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor

38.	Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar
<p>Para as xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes. • Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático. <p>No caso da necesidade de facela de modo presencial, terían lugar na pista cuberta, garantindo a distancia de seguridade.</p> <p>As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Reunións telemáticas</i> na plataforma oficial que oferte a consellería (CISCO WEBEX) • <i>Presenciais</i>, sempre e cando a evolución da covid o permita. Neste caso, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente (preferentemente ximnasio). 	

39.	Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias
<p>Nas reunións de tutoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.</p> <p>As tutorías levaranse a cabo os martes de 16h a 17h, como de costume, e con cita previa empregandoas canles habituais: abalarmóbil, axenda do alumnado, chamada telefónica.</p> <p>Serán preferentemente telemáticas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da tutoría do alumno e coas seguintes medidas de protección:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Emprego de máscara. • Hixiene de mans ao acceder á aula. • Colocación de mesas como separación para garantir a distancia. • No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos. <p>As reunións de inicio de curso irán detalladas no plan de acollida limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal, sendo obrigatorio o emprego de máscara.</p> <p>Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro, abalar móbil, correo electrónico ou teléfono do centro.</p>	

40.	Normas para a realización de eventos
<p>Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que esixan unha especial proximidade.</p> <p>Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.</p> <p>Preferentemente, non se realizarán eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención (usos obrigatorio de máscara) e aforos (50 por cento da capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.</p> <p>Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas. • Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre. • Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento. • Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso. 	

En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas repecten o aforo e se repecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre.

Id.	Medidas para o alumnado transportado
------------	---

41.	Medidas

Id.	Medidas de uso do comedor
------------	----------------------------------

42.	Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado

43.	Persoal colaborador

44.	Persoal de cociña

Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos
------------	---

45.	Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...
------------	---

En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitarse que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros, con carácter xeral, salvo que se conte con mamparas ou o uso de pantallas de protección facial. Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de frauta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

Extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

Onde a materia o permita substituírse o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

46. Educación física

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnacios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

Tomando como referencia os protocolos FISICOVID das federacións galegas de fútbol e baloncesto, que elaboraron conxuntamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, e xunto coas normas xerais reflectidas nesta adaptación, propoñemos as seguintes normas específicas para a materia de educación física:

Medidas xerais de limpeza de superficies e material:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mezclar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcolicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se

cambie alomenos unha vez ao día.

Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:

- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal e utilizar máscara, agás de xeito excepcional en actividades de alta intensidade ao aire libre. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.
- Sempre que sexa posible, os alumnos/as, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersoal.
- Evitar lugares concorridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Eso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou estornudar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test durante a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Noto moita temperatura corporal, tos ou falta de alento.

Medidas organizativas:

- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes. Distribuirase material diferenciado para cada curso escolar que será intercambiado quincenalmente debidamente desinfectado.
- Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula.
- Eliminar xogos nos que non sexa posible evitar o contacto e a distancia

47.	Cambio de aula
------------	-----------------------

A norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, o profesor anterior finalizará a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de

entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo sainte hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

Ao longo deste curso soamente se contemplan as seguintes situacións nas que son necesarios cambios de aula:

- Para ir ao ximnasio / pavillón
- Para ir á aula de informática (relixión/valores)
- Asistencia a sesións de PT/AL/desdobres.
- Para ir a biblioteca.

48. Biblioteca

A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala. O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 4 horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

Aplicanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

49. Aseos

O alumnado empregará os aseos adxudicados. En primaria asignarase un aseo a cada grupo de convivencia. Na porta dos aseos haberá un cartel o cal indicará a que nivel lle corresponde dito aseo: aseos da planta baixa: para o alumnado de 1º e 4º de E.P.; aseos do primeiro andar, alumnado de 2º e 3º de E.P., e aseos do segundo andar para o alumnado de 5º e 6º de E.P.. Para o alumnado de 6º de E.P., por ser un grupo moi numeroso, tamén se habilitou o aseo de mestres da primeira e segunda planta, soamente para o lavado de máns.

Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.

Para controlar a non aglomeración dos baños haberá un sistema de “semáforo” en cada aula, que xestionará o aforo dos mesmos.

Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.

O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e á saída do mesmo.

Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas entradas e saídas.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar o aseo de mestres que esta na planta baixa do edificio de primaria.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

Id.	Medidas especiais para os recreos
------------	--

50.	Horarios e espazos
<p>En Educación Infantil haberá unha quenda de recreo de 11:30 a 12:00.</p> <p>O patio de infantil estará dividido con cinta en tres zonas, unha zona para cada nivel, non podendo acceder a outra zona que non sexa a correspondente do seu grupo.</p> <p>Nos días de choiva, en infantil quedarán na aula xogando ou visionando un audiovisual.</p> <p>Sairán ao recreo primeiro os que accedan a zona máis alonxada, logo os da central e por último os da primeira zona. As zonas de patio rotaránse.</p> <p>Entrarán do recreo na seguinte orde, primeiro os que están na zona primeira, logo os da central e por último os da zona máis alonxada. De este xeito, garantirase o non cruzamento entre grupos.</p> <p>En Educación Primaria haberá dúas quendas: primeira quenda de 11:30 a 11:55 na cal sairán os niveis de 1º, 2º e 3º de primaria, e unha segunda quenda na cal sairán os niveis de 4º, 5º e 6º de primaria de 12:00 a 12:20.</p> <p>Cada nivel terá asignado un patio e irán rotando día a día.</p> <p>Luns: 1º E.P. e 4º de E.P. patio cuberto / 2º E.P. e 5º de E.P. patio de terra / 3º E.P. e 6º E.P. pista</p> <p>Martes: 1º E.P. e 4º E.P. patio de terra / 2º E.P. e 5º E.P. pista / 3º E.P. e 6º E.P. patio cuberto</p> <p>Mércores: 1º E.P. e 4º E.P. pista / 2º E.P. e 5º E.P. patio cuberto / 3º E.P. e 6º E.P. patio terra.</p> <p>Xoves: 1º E.P. e 4º de E.P. patio cuberto / 2º E.P. e 5º de E.P. patio de terra / 3º E.P. e 6º E.P. pista</p> <p>Venres: 1º E.P. e 4º E.P. patio de terra / 2º E.P. e 5º E.P. pista / 3º E.P. e 6º E.P. patio cuberto</p>	

Nos días de choiva, en primaria, o grupo que lle tocara estar no patio de terra fará o recreo na pista cuberta, a cal estará delimitada con cintas en dúas partes. Os demais grupos farano onde lle corresponde: patio cuberto e pista cuberta. Se chovera moito, e non se podera acceder a pista cuberta, dividiríase o patio cuberto en dous patios diferenciados cunha cinta e habilitaríase o ximansio, para así contar con tres zonas. Os que lle tocará patio de terra, quedarían na metade do patio cuberto. As que lle tocara a pista cuberta quedarían no ximansio.

Para sair ao recreo, priorizarase as saídas en orde relativa ao patio correspondete, é decir, sairán primeiro os que lle toque a pista, logo o patio de terra e por último os do patio cuberto. Unha vez saían ao patio, situaríanse nas zonas de merenda: patio cuberto, zona pegada ao edificio de primaria; patio de terra, escaleiras de infantil; e pista cuberta, gradas, sempre mantendo a máxima distancia entre o alumnado mentras merendan.

Para o cambio de quenda do recreo, os grupos que están no recreo permanecerán na zona de espera (patio cuberto, pegados á parede do ximnasio; patio de terra, pegados ao banco/areneiro; pista cuberta, pegados a porteria lindante co patio de terra), ata que os seguintes grupos se situen nas zonas de merenda correspondentes.

Unha vez que baixou a segunda quenda do recreo, xa poderá subir a primeira quenda para realizar o lavado de máns.

Cada profesor de garda durante o recreo estará provisto dunha mochila, con xel hidroalcohólico, panos, máscaras e un dado.

Queda totalmente prohibido traer calquer xoguete ou obxeto da casa para empregar no recreo.

51.	Profesorado de vixilancia
------------	----------------------------------

Cada grupo estable de convivencia terá asignado un patio de recreo e un profesor de garda asignado seguindo os criterios de asignación horaria.

Id.	Medidas específicas para alumnado de educación infantil, os dous primeiros cursos de primaria
------------	--

52.	Metodoloxía e uso de baños
------------	-----------------------------------

Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo. No caso de ter unha mesa longa ou

espazosa asignaranse mediante sinaléctica os espazos que poden utilizarse separados por unha distancia de entre 1,5 metros.

Asemblea:

• No canto de facela todo o alumnado sentado e xunto, realizarase cos nenos sentados no seu lugar nas mesas, excepto o equipo encargado esa semana de levar a cabo as rutinas iniciais, que ocupará a zona que se destinaba a todo o grupo. Outra disposición que se poderá levar será a que cada subgrupo estable estará sentado no recuncho próximo a asemblea garantizando a maior distancia posible entre grupos e sempre coa máscara. Dentro desas rutinas habituais incluírase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Neste sentido, deixar claro que nestas aulas o dispensador de xel non estará ao alcance dos nenos, xa que isto podería supoñer un risco, polo que as aulas terán dispensadores de man situados na mesa das mestras, que serán as responsables del e as que o distribúan cando sexa necesario.

Colocación do alumnado / agrupamentos:

• Variará a distribución do alumnado na aula, que en vez de estar nunha mesa en gran grupo pasarán a colocarse en grupos de 4 ou 5 alumnos en función do alumnado total da aula. Ao igual que en primaria, eses grupos serán estables e tratarase de reducir a interacción global entre grupos.

Recunchos:

Os grupos creados para a ubicación na aula serán os mesmos para o xogo en recunchos. O material dos recunchos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca.

• Antes de ir aos recunchos realizarase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos e mans á boca. Os recunchos poderán empregarse dúas veces por mañá, unha nas sesións anteriores ao recreo e outra nas sesións posteriores. Entre tanto, deberán desinfectarse as pezas empregando un produto viricida e realizar unha ventilación correcta da aula.

Uso de baños:

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e á saída do mesmo. Evitarase que coincidan simultaneamente alumnos das distintas aulas en infantil.

• A maiores, realizarse a limpeza e desinfección completa dúas veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.

Material

Antes do comezo de curso facilitarase a listaxe co material propio que debe ter o alumnado.

Entre este material será moi importante que haxa unha funda para as máscaras co nome.

• *Material común:* colocarse en gavetas exclusivas para cada grupo. Antes do emprego de material común procederase á limpeza de mans e posteriormente aplicarase o produto viricida.

• Dentro do material común haberá material de uso individual, que estará gardado en bolsas co

nome de cada alumno.

Aniversarios

• Para celebrar os aniversarios de xeito seguro, non se poderá traer tortas nin pasteis nin chuches. Só haberá coroa, cantarase a canción e poderán recibir por parte dos compañeiros debuxos.

53. Actividades e merenda

A merenda realizarase de xeito individual en espazos diferenciados. No caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita. Esta medida extenderase tamén a todo o alumnado de primaria.

Nos recreos débese reforzar a vixilancia, procurando evitar o contacto. Os elementos de xogo como tobogáns non deberían empregarse, así como areeiros en grupo xa que provoca a xuntanza entre o alumnado.

De utilizarse o material de patio en infantil, deben ser empregados polo grupo estable de convivencia e logo desinfectaranse.

Id. Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres

54. Emprego do equipamento

Id. Medidas específicas para alumnado de NEE

55. Medidas

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optárase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia

de seguridade.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

56. Medidas e tarefas. Seguimento

- O profesorado específico que atende a este alumnado (orientadora, especialista de PT e especialista de AL) levará sempre máscara e, nas situacións que o estime oportuno, tamén poderá facer uso, a maiores, de pantalla de protección. Asimesmo, na súa aula poderá instalar mamparas de protección.
- Unha vez levada a cabo a avaliación do alumnado e decidido o tipo de intervención a realizar segundo as súas necesidades poderanse establecer grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula.
- No caso de que o alumnado non teña autonomía, o coidador/a (no seu caso) ou o profesorado do centro acompañaralo nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo. Tamén se acompañará na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e actividade, momentos de ir ao baño, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- O persoal coidador deberá utilizar sempre máscara e, nos casos que estime oportunos, tamén pantalla de protección. Asimesmo, fará uso de luvas de uso individual e desbotables cando a situación o requira (cambio de pañal, hixiene do alumnado...). Estará sempre pendente das necesidades do alumnado que atende prestando especial atención ao cumprimento das medidas de hixiene.
- Axustaranse todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado aos diferentes sistemas de comunicación utilizados.
- Valorarase a necesidade de utilización de máscaras transparentes por parte do profesorado para traballar co alumnado que necesite visualizar o modo de articulación para estimular a súa comunicación.

- O persoal que atende ao alumnado con NEE traballará, especialmente, a lembranza das normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia propoñendo actividades presentadas da maneira máis lúdica posible.
- Prestarase especial atención a que o alumnado con NEAE teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios posibles, sobre todo se se da o caso de ensino non presencial, favorecendo o seu acceso ao currículo.
- Ao comezo do curso e valoradas as necesidades reais do alumnado, así como tendo en conta as instrucións que se dite ao comezo do mesmo, tomaranse as decisións que se estimen oportunas por parte do D.O. co obxectivo de adaptar as normas xerais que se expoñen neste documento as situacións persoais de cada alumno/a con NEE.

Id.	Previsións específicas para o profesorado
------------	--

57.	Medidas
<p>Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.</p> <p>O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidro alcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo ao inicio do curso.</p> <p>En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.</p> <p>Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.</p> <p>Para aquelas reunións que impliquen a participación de todo o profesorado empregaranse o ximnasio, xa que ten as dimensións axeitadas para manter unha distancia social axeitada.</p> <p>Para as reunións de equipos de nivel ou ciclo empregaranse unha das aulas dese nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade.</p> <p>Na sala de mestres haberá dispensador de xel, solución desinfectante e panos desbotables, así como unha papeleira de pedal. Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con solución desinfectante.</p>	

Para empregar a máquina de café, os usuarios deberán realizar unha limpeza previa de mans e, ao finalizar, deberán empregar a papeleira de pedal para tirar os vasos desbotables.

O aforo máximo de sala de profesores debe permitir cumprir a distancia de seguridade de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras .

58. Órganos colexiados

De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, (vía CISCO WEBEX).

Reunións dos órganos colexiados:

1. *Claustro*: levaranse a cabo no ximnasio nas condicións expostas no punto anterior. No caso de que a situación o impida, empregarase a comunicación telemática usando a plataforma CISCO WEBEX.

2. *Consello escolar*: levaranse a cabo no ximnasio gardando a distancia de seguridade.

Igual que no caso do claustro, de ser necesario, empregaranse medios telemáticos.

Id. Medidas de carácter formativo e pedagóxico

59. Formación en educación en saúde

Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

Enviarase a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir

Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomenta o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde.

Desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable.

60.	Difusión das medidas de prevención e protección
<p>A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a información suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección</p>	
61.	Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais
<p>As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. En primeiro e segundo de Educación Primaria a modalidade de docencia acordada será a través de Google Classroom; en Terceiro e Cuarto de Educación Primaria será a través da aula virtual e Quinto e Sexto mediante a Plataforma Edixgal.</p> <p>Na Educación Infantil, traballarase a través do blog, correo electrónico, Abalar móbil e Cisco Webex. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e realizarase unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro</p> <p>A mestra de Inglés será a coordinadora da xestión e dinamización das aulas virtuais.</p>	
62.	Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”
<p>O equipo directivo elaborara un Programa de acollida que sera presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organizacion de actividades globalizadas que informen, alomenos, dos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Novas normas de organizacion e funcionamento do centro. b) Actuacions de prevencion, hixiene e proteccion. c) Accions formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial. d) Atencion aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realizacion de actividades grupais de acollida e coesion. <p>Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso 2020/2021, os equipos docentes elaboraran plans de reforzo e recuperacion coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020.</p>	
63.	Difusión do plan
<p>O “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro.</p>	

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE

SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico (obligatorio):	
Enderezo a efectos de notificacións :	
Código Postal:	Localidade:

DATOS DO CENTRO DE TRABAJO	
Nome do Centro:	
Enderezo:	
Código Postal:	Localidade:
Posto de traballo:	

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na Resolución de 22 de xullo de 2020

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

_____, _____ de _____ de 2020

Sinatura:

DIRECTOR/A DO CENTRO

ANEXO III: MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CONDICIÓN DE SEGURIDADE NO CENTRO EDUCATIVO

O 22 de xullo de 2020 dítase a Resolución das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade, pola que se determina o protocolo de inicio do curso 2020-2021, se determinan as instrucións e se adoptan medidas de prevención e hixiene nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería.

No protocolo establece o informe que debe elaborar a dirección no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes para o solicitante.

D./Dña. _____ solicitou a súa consideración como persoal sensible.

Polo exposto, D./Dña. _____, na súa calidade de Director/a do centro de ensino público _____,

INFORMA:

Marcar con X ou tachar o que non proceda

- Que o solicitante presta servizo neste centro educativo en condición de: docente, persoal administrativo, de limpeza, ou outra categoría.
- Que no centro existe dotación de xel hidro alcohólico, e restantes elementos para a hixiene das mans consonte ao protocolo.
- Que existe dispoñibilidade de máscaras diarias para o solicitante.
- Que nas aulas existe unha separación de 1,5 metros ata o lugar ocupado polo alumnado.
- Que nos espazos comúns (sala de profesores, salas de reunións, etc.) existe unha separación de 1,5 metros entre os postos.
- Que no posto de traballo (persoal administrativo) existe a debida separación de 1,5 metros diante das persoas que acoden ao centro.

E para que conste diante da inspección médica da Xefatura Territorial de _____.

Asinase o presente informe con data ____/____/2020 (sinatura e selo)

ANEXO IV: CUESTIONARIO DE PREVENCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

Para facilitar unha ferramenta de control rápido e eficaz da implantación das medidas previstas en canto á prevención e protección, tanto de traballadores como de alumnos e visitas ao centro, se adxunta a modo de plan de acción o seguinte cuestionario como guía de implantación e que pode ser anexado ao Plan de adaptación a situación COVID -19 NO CURSO 2020/2021.

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
Id.	Procedementos sanitarios relativos ao control da enfermidade			
1.1.	¿Informouse aos traballadores de non acudir ao centro de traballo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Reunións a principios de setembro.				
1.2	¿Informouse aos pais/nais/titores dos alumnos de non envialos ao centro educativo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Reunións antes de empezar as xornadas lectivas cos pais/nais/titores				
1.3	¿Estableceuse no centro o procedemento para seguir se algún traballador ou alumno presenta síntomas da enfermidade no centro educativo?	X		
<p>Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: levarase a un espazo separado de uso individual (secretaría do edificio administrativo), colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.</p> <p>A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.</p>				

Id.	Medidas Organizativas
-----	-----------------------

2.1	¿Establecéronse quendas ou procedemento de acceso para garantir que non se producen aglomeracións no acceso e mantéñense as distancias de seguridade? En caso necesario, establecéronse entradas e saídas diferenciadas que garantan a distancia entre persoas?	X		
-----	---	---	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Establecéronse 3 puntos de entradas e de saídas cos correspondentes turnos en cada entrada e saída. (Educación infantil, entrada e saída de 1º, 2º e 3º E.P., e entrada e saída de 4º, 5º e 6º E.P.)

2.2	¿Dimensionaronse os espazos de traballo seguindo as indicacións dos procedementos da Consellería de Educación?	X		
-----	--	---	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Reorganización de aulas, sala de Mestres, organización de lugares de reunión.

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
2.3	¿Asegúrase que tanto os alumnos como os docentes teñan fácil acceso a auga e xabón, así como, papel desbotable para secado e papeleiras no centro educativo? Se é necesario, dispónse de dispensadores xabonosos e/ou de solución alcohólica desinfectante ao dispor dos traballadores e dos alumnos?	X		

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: En todos os baños do centro hai dispensadores xabonosos, solución desinfectante, papel desbotable e papeleiras. Nas entradas aos edificios do centro hai dispensadores de solución alcohólica así como en todas as aulas e salas do centro. En cada aula hai xel desinfectante, solución desinfectante, papeleiras e panos na entrada da mesma. Na mesa do mestre un bote de xel desinfectante e os mestres deuselle outro bote.

2.4	¿Colocáronse pantallas protectoras de metacrilato ou similar para zonas de atención a público, como na área de administración, etc.? Definíronse adicionalmente os equipos de protección a utilizar?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Colocaróñse pantallas na zona de atención ao público, para dividir os ordenadores de secretaría, xefatura de estudos, dirección e sala de mestres.				

2.5	¿Estableceuse, en caso necesario, un fluxo controlado na entrada e saída dos alumnos, evitando o cruzamento duns e outros?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Non hai cruzamento de alumnado nas entradas e nas saídas, posto que se teñen que realizar unha vez que o grupo anterior acabe de entrar ou de ser o caso acabe de saír, respectivamente, así como se estableceu distanciamente de horario.				

2.6	¿Definíronse sentidos de circulación nas zonas de maior confluencia, diferenciando ambos os sentidos mediante cintas de separación e/ou vinilo adhesivo no pavimento?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Nos corredores dos pasillos pegáronse no chan frechas indicando o sentido e a separación que se debe manter.				

2.8	¿Limitáronse as visitas e contactos con visitas (pais/nais, provedores) ao mínimo posible?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Priorizáronse as titorias por medios telefónicos.				

2.9	Para as aulas ¿Adecuáronse ás pautas marcadas pola Consellería de Educación?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Reorganizáronse as distribucións das aulas, así como das aulas de E.F., PT e AL.				

2.10	¿Limítanse as reunións presenciais?, En caso de realizalas, mantense a distancia de seguridade de 1,5 metros, así como as medidas hixiénicas e distanciamento social?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Priorizaranse as reunións vía telemática. No caso de facer reunións no centro faráñse no ximnasio ou patios cubertos, mantendo en todo momento a distancia de seguridade e as medidas hixiénicas, así como unha boa ventilación de ser no ximnasio.				

2.11	¿Habilítanse zonas de recepción de mercadorías que respeten as distancias de seguridade?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: As mercadorias quedan nas entradas dos corredores sen ter necesidade de contacto co repartidor, de non ser necesario.				

2.12	¿Establecéronse normas específicas para o uso de aseos?	X		
<p>O alumnado empregará os aseos asignados a cada grupo de convivencia.</p> <p>Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.</p> <p>A limitación de aforo para os baños será a un usuario, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo” en cada aula, que indicará se o baño está libre ou non.</p> <p>Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.</p> <p>O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e saída do mesmo.</p> <p>Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.</p> <p>O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar o aseo que esta na planta baixa do edificio de primaria.</p> <p>No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas</p>				

2.13	¿Establecéronse normas específicas para o uso de vestiarios?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: As mesmas medidas cas dos aseos.				

2.14	¿Establecéronse normas específicas para as salas de reunións?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Respectar as distancias de seguridade e priorizar os espazos ao aire libre ou espazos grandes (ximnasio).				

2.15	¿Establecéronse normas específicas para o comedor segundo o procedemento da Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.16	¿Conta con papeleiras ou contedores protexidos con tapa e accionados por	X		
------	--	---	--	--

	pedal?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Todas as aulas e dependencias do centro teñen papeleiras de pedal e tapa.				

2.17	¿Dispónse de bandexas ou similar para o intercambio de papeis na área de administración?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Bandexa				

2.18	¿Evítase compartir obxectos ou equipos de traballo, en caso necesario, hixienízanse antes de cada uso?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: En cada aula, e na sala de mestres hai xel hidroalcohólico e solución desinfectante para hixienizar as mans e os aparatos antes e despois de cada uso.				

2.19	¿Limitouse o uso de ascensores a unha única persoa, salvo forza maior (limitacións de mobilidade)?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: O uso do elevador quedará limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara.				

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
Id.	Formación e información dos traballadores			
3.1	¿O persoal é informado dun xeito fiable e actualizado das recomendacións sanitarias que se deben seguir de xeito individual?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Toda a información que teña o equipo COVID-19 daráselle a comunidade educativa.				

3.2	¿Formouse aos traballadores na prevención do contaxio e as medidas a adoptar, específicas para o lugar de traballo, así como o equipamento de protección a empregar?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Deuselle o equipamento de protección así como se lle indicaron as medidas de prevención a adoptar no centro.				

3.3	¿Informouse aos traballadores sobre as medidas preventivas que deben adoptarse cando viaxan ao lugar de traballo?	x		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Deben entrar ao recinto escolar coa máscara e asegurar.				

3.4	¿Informouse ao persoal sobre como eliminar o material de uso de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, panos, etc.)?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Si, na primeira reunión e a través do protocolo.				

3.5	¿Valorouse e adquiriuse un stock suficiente de equipos de protección segundo o mercado pola Consellería?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Si, fíxose unha compra de equipos de protección para unha tempada.				

Id. Limpeza e desinfección das instalación				
3.6	¿Dispuxéronse os produtos de limpeza e EPI necesarios para poder emprender e manter a actividade e limpeza requirida?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: En relación a que ten que facer o profesorado ou alumnado si se adquiriron, en relación a que ten que facer a empresa de limpeza, estamos a espera de contestación por parte do concello.				

3.7	¿Realízase unha correcta limpeza das instalacións, en relación coa súa periodicidade?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Estableceuse a periodicidade correspondente, estamos a espera das indicacións da empresa, posto que a limpeza a leva o concello.				

3.8	¿Informouse ao persoal de limpeza sobre os aspectos necesarios para limpar os cuartos, con especial énfase nas superficies, especialmente aquelas que son tocadas con mais frecuencia como as fiestras ou os tiradores das portas, os dispositivos que usan habitualmente o alumnado e persoal, mesas e ordenadores?	x		
Informouse o persoal de limpeza do protocolo e deuselle unha copia.				

3.9	¿Déronse instrucións aos traballadores para depositar o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) na fracción de resto (agrupación de residuos domésticos que se obtén unha vez realizadas as recollidas separadas)?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Establecéronse papeleiras por todas as dependencias do centro, e nas papeleiras indicase que é o que se ten que botar.				

3.10	¿Estableceuse un mecanismo para a eliminación de residuos procedentes dunha persoa que presentou síntomas da enfermidade e os elementos de limpeza empregados neste caso?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Illarase o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.				

3.11	¿Establecéronse directrices para reforzar a ventilación periódica nas instalacións, diariamente e adicionalmente con ventilación natural durante máis de quince minutos?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas. A primeira ventilación do día realizarase antes da entrada do alumnado e será realizada polo porteiro-vixiante /limpadora. O resto de mañá este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de checklist.				

Id.	Sinalización			
3.12	¿Indicáronse as normas hixiénicas básicas que hai que observar (lavar as mans, non tocar a cara, toser en papel desbotable ou no cóbado, etc.)?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Polos corredores, nas aulas e nos baños pegouse cartelería indicando ditas normas.				

3.13	¿Sinalizáronse as normas de acceso relativas aos alumnos, así como os equipos de protección que deben utilizar?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Si, hai carteis pegados polos corredores e nas portas de entrada/saída.				

3.14	¿Sinalizáronse mediante marcas no chan ou similar as distancias de seguridade a manter durante o acceso ao centro educativo e no resto de zonas	X		
------	---	---	--	--

	necesarias (zona de comedor, biblioteca, etc.), segundo o mercado pola Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Si, pegáronse no chan e nas paredes asi como colgadas do teito.				

3.15	¿Sinalizouse, no acceso ao centro de traballo, a prohibición de acceder a calquera persoa que presente síntomas da enfermidade?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Si, con carteis pegados.				

3.16	¿Sinalizáronse as normas de uso en zonas comúns (salas de reunións, vestiarios, comedor, etc.)?	X		
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo: Si, con carteleria pegada.				

ANEXO V “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”

O Plan de Continxencia do C.E.I.P. Plurilingüe Carballal Cabral ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademáis dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunta coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de Educovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relavita aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

